

Un hotel  
de primeira  
sobre o río

Autora: Xohana Torres  
Versión: Doro Piñeiro



**Teatro ESCOITADE**



# UN HOTEL DE PRIMEIRA SOBRE O RÍO

Xohana Torres deixounos nesta obra un abano de perfíles que nos permite cualificar o texto tanto como unha comedia, unha farsa, unha traxicomedia ou unha traxedia; ou un todo ao mesmo tempo. A autora pretende afondar no espectador sentimentos ou vivencias posiblemente próximas a cada quen, segundo vai sucedendo no decorrer do relato.

O texto está adaptado en CATRO CADROS por Doro Piñeiro, para Teatro ESCOITADE. Nel son constantes as referencias ás múltiples relacións persoais que nos atopamos acotío ao longo da vida, como tamén o son ás luces e sombras que debuxa a condición humana e que en moitas ocasións, tal condición, remata por saírse do que se considera a estabilidade emocional da persoa, do individuo. Tal así é a defensa "do noso, dos nosos e do máis próximo", a presión especulativa, a corrupción política, o desinterese social e a superstición que levamos no ADN, como xeito de saída a toda unha carencia cultural de sociedades xa caducas, e non tanto.

En definitiva Teatro ESCOITADE fai unha aposta nesta montaxe por un traballo dramático, exposto por cada actriz e por cada actor, que se aproxima, ao noso entender, aos retos que a autora nos deixou en cada acción, en cada escena e en cada cadro.

UN HOTEL DE PRIMEIRA SOBRE O RÍO é un relato, é unha historia de amor á natureza, é unha loa a impotencia e, finalmente, é un xeito de vida con data de caducidade.

Doro Piñeiro.

# REPARTO

RUTH .....	María José Iglesias
DANIEL .....	Isidro Piñeiro
COMISIONADO MUNICIPAL...	Doro Piñeiro
ESTRANXEIRO.....	Raúl Alonso
CATARINA.....	Raquel Álvarez
MARCOS DE AMOROS.....	Raúl Alonso
SILVIA DE AMOROS.....	Eugenia García
NENA MARGOT.....	Yaiza Fernández
EVELIA .....	Pastora Comesaña
BETÁ .....	Rosario Alonso
VELLA COMBA.....	Raúl Alonso
ALCALDE .....	Raúl Alonso
INGE .....	Raquel Álvarez

## FICHA TÉCNICA

Atrezo	Escoitade
Decorados	Escoitade
Vestiario	Escoitade
Iluminación e son	Andrés Acevedo
Espazo escénico	Escoitade
Produción	CVC de Valladares
Comunicación	Manolo Dasilva
Axudante de dirección	Raúl Alonso
Dirección	Doro Piñeiro

## NECESIDADES TÉCNICAS

Escenario (mínimo): Ancho: 6 m. Alto: 4 m. Fondo: 4 m.  
Potencia eléctrica: 10 Kw

## CONTRATACIÓN

Duración: 70 minutos (aprox.)

Apta para todos os públicos

Teatro ESCOITADE. Centro Veciñal e Cultural de Valladares

Estrada Xeral de Valladares, 261 | 36315 VIGO

TELF.: 986 467 053

cvallada2@telefonica.net | www.valladares.tv

**Xohana Torres**, naceu en Santiago de Compostela no ano 1929 e finou en Vigo o 12 de setembro de 2017. Sobre todo, foi unha escritora monolingüe en galego.

Viviu a súa infancia e mocidade en Ferrol, cidade á que se mantivo afectivamente vinculada e na que foi alumna de Ricardo Carballo Calero. Foi tamén nesta cidade onde entrou en contacto co mundo do teatro e da radio. Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, onde se relacionou con distintos persoeiros, entre os que se topaba Xosé Luís Franco Grande. Nesta época recibe o Primeiro Premio de poesía da Asociación de Prensa de Vigo.

Durante moitos anos, ata o seu falecemento, residiu en Vigo. Poetisa, narradora e dramaturga, Xohana Torres é unha referencia obrigada na historia da literatura galega da segunda metade do século XX. Forma parte daquelas xeracións de escritores que, comprometidos coa lingua nos difíciles anos da ditadura franquista, contribuíron á normalización da literatura galega tocando todos os xéneros. Ingresou na Real Academia Galega o 27 de outubro do 2001.

En 1972 outórgaselle o Premio Pedrón de Ouro polo labor cultural e entrégalle en 1992 o Premio á creación feminina.

No que ten que ver co teatro, Xohana Torres é autora de dúas obras editadas por Galaxia, cos títulos *A outra banda do Iberr* e *Un hotel de primeira sobre o río*, obra esta pola que acada o Premio Castelao de Teatro galego en 1966.

FONTE: Galipedia